

Luísa Villalta



Caderno de traballo

Ao longo deste caderno imos coñecer a autora homenaxeada neste vindeiro día das letras galegas: Luísa Villalta.

1.- Para comezar a nosa andaina procura información da autora e redacta un texto coa súa biografía, vida e obra (150-200 palabras).

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

-

Podes procurar información en YOUTUBE: María Canosa fala de Luísa Villalta. Letras Galegas 2024. / Luísa Villalta paixón e compromiso

Wikipedia en galego: Luísa Villalta

Asociación de escritoras e escritores en lingua galega: <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/luisa-villalta>

Agrupación cultural Alexandre Bóveda: <https://www.acalexandreboveda.gal/luisa-villalta-letras-galegas-2024/>

Na biblioteca: *Luísa Villalta. Melodía de palabras.* Ed.Xerais

***Música reservada.* Edición do Castro (1991)**

2.-Iníciase o poemario cunha autopoética. Segundo as palabras de Luísa Villalta, están relacionadas música e poesía?

“Se o principio foi a palabra antes dela foi o son e, despois, o entendimento e transmisión da súa melodía. Eis a Música, que brota como o río da existencia, e a Palabra, que interpreta o seu ritmo como unha danza ritual arredor do lume da intelixencia. Eis a Poesía, palabra melódica (...)”

-

-

3.-Consulta cales son as características do soneto e sinalaas sobre o o primeiro poema do libro que é un soneto, unha composición clásica.

-Características:

En soneto de sons que soan sendo
a melodía do que eu son na esencia
inconsciente de ser, unha presenza
sen mais sentido que soar sabendo,

a monodia do viver entendo
fluindo como o son, en transcendencia,
improvisado ritual, ausencia
no eco que a memoria vai perdendo.

Número e canto, necesaria via
por que ascendo as escadas que separan
a razón da intuición que o ritmo cria,

e transgrede a palabra, se soasen
outras voces que o sentido ouviría
cando os sons da súa música calasen.

4.-Define aliteración e exemplifícaa cun verso (ou versos) do poema

-Aliteración:

-

-Exemplos de aliteración

-

-

5.-Por que a poeta escolle a aliteración como recurso? Está relacionado coa temática que trata neste poema?

-

-

6.-Recolle a rima e o cómputo silábico nestoutro poema do mesmo libro.

Un páxaro voando cara ao lume
tan só que canta só a sua elexia
de sombra e violoncello, a voz afia
no grito vexetal que rompe o fume.

O ruído do mundo expresa o cume
da esforzada conciencia en melodia:
a noite é unha campá, eco do día
e o vexetal silencio todo sume.

porque as horas da ave que aletexa
son reflexos da luz cando latexa
como un corazón cego que escorre,

só como ninguén, ergue un instante
o canto e o lamento, voz vibrante
modulada no lume, ali onde morre.

7.-Copia a continuación a definición que da palabra 'elexía' dá o dicionario online DIGALEGO. Despois redacta unha xustificación dos motivos que levaron á poeta a introducir esa palabra no soneto e de se se pode considerar, ou non, a presente composición como unha elexía.

-Elexía:

-

-Xustificación dos motivos polos que introduce esta palabra no soneto

-

-

-

8.-Este poema pertence a unha sección do primeiro libro que se chama

'A ESÉNCIA'. O título deste apartado dá a clave da temática tratada.

EPIGRAMA ÍNTIMO

Impalpábel, na fronteira, un xuramento,
entre o mundo que remata no meu iris
e os meus beizos traizoeiros con empeño

8.1)Copia a primeira definición que da palabra 'esencia' dá o dicionario online

DIGALEGO.

-Esencia:

-

8.2)Copia a continuación a definición que da palabra 'epigrama' dá o dicionario

DIGALEGO.

-Epigrama

-

8.3)No título da composición hai unha antítese. Xustifícaa.

-

-

9.-Imaxina e narra unha situación que poida levar á poeta a escribir o poema

anterior. Son claves as expresións, 'xuramento', 'mundo que remata no meu iris', 'beizos traizoeiros

-

-

-

10.-Noutra sección do poemario chamada 'GRIAL DO SOL PERDIDO' o amor e o desamor son os polos entre os que oscila o canto.

E ficaremos sós
mar e silencio.

Cando a noite me veña desvendar
con amor prometido e demorado
estes ollos que ollaron tanto nada,
as follas que caíron ao meu pé
serán pisadas.

E a ausencia cumprirá o seu oráculo
cando a noite sexa o fondo,
cando o mesmo mar a noite,
e o silencio
diga a última palabra.

10.1) Neste poema faise notoria a homenaxe a Manuel Antonio. Como o vate rianxeiro, Luísa evoca o mar, a noite, o silencio e a soidade. En que versos ves a homenaxe a Manuel Antonio?

-

-

-

-

10.2) É este un poema de amor ou de desamor? Xustifica a resposta.

-

-

-

11.-En poesía é frecuente, e necesario, o emprego de imaxes para representar emocións, sentimentos sensacións. Repara no verso 3 'Cando a noite me veña desvendar' Entendemos que a noite chega e quita a venda dos ollos; que sentimentos representan os ollos vendados e o acto de desvendalos? Xustifica a resposta.

-
-
-

12-O "oráculo" é a resposta que daban os deuses ás preguntas das persoas sobre o presente, o pasado e o futuro. Cando a auséncia lle pregunta ao oráculo, que resposta lle dá neste poema?

-
-
-

Entanto a hora do silencio
consome este día inmóvel,
quen soña en min con tanto ruído?
Quen me viaxa desde tan dentro
que xeme na procura das palabras?

O mar
chama con riso desdentado
ao espectáculo da noite
rítmica que me vive.

Doi e doerá-me
o seu son até o estrépito
mais que non pare:
entre cada latido que dilata
entrevé-se a eternidade

13-É fundamental en Luísa Villalta a música, o son, o ritmo. Neste poema que é o que fai o silencio? Con que soña o “eu poético”? Quen é o que aporta o ritmo e procura a palabra melódica?

-
-

14-Na última estrofa hai unha antítese entre o efecto que produce o son e o desexo do eu poético, cal é?

-
-

15-Nos dous últimos versos explica o motivos desta contraposición. Cal é es motivo?

-
-

16-Tendo en conta isto, redacta un pequeno texto explicando o significado dos versos 10 a 14.

-
-
-
-

Ruído. Ed. Espiral Maior (1995)

POEMA1: Segundo as palabras que Eva Veiga lle adica a este segundo poemario: "A melodía supérase para dar paso a outra definición de poesía no seguinte libro: *Ruído*." Agora a autora di que poesía "é un ruído provocado, un rito de resistencia". Agora xa non lle serven os moldes establecidos para dar conta do que ve e sente; a intérprete descansa e escoita as disonancias do mundo. Con todo, non abandona a música; outros recursos fónicos permítenlle contar o que pasa nas rúas, nos corazóns: aliteracións, repeticións, permutacións, derivacións, rimas internas..."

NON soou nen sequer a apocalipse
á esquerda e á dereita de ninguén.

Da conciencia saíron porteadores
que entregaron, coas armas, a palabra.

Xa non houbo quen non asentise
diante do fulgor que nos cegaba.

Preparamos a espada para o ferro
gritamos de pracer ao designar-nos,
separamo-nos por números e marcas
co adeus no tizón morto dos ollos.

O silencio emudeceu entre os humanos:
Algún de nós ficou, por nós, coa inominábel,
gardou-na no sitio máis sagrado
o verso
(as armas, a palabra)
á espera de facer-se necesario.

17-Recolle a antítese: que é positivo e que é negativo neste poema?

-
-
-

18-Atopas algún recurso fónico neste poema?

-
-

-POEMA 2: É frecuente desde os primeiros niveis educativos iso de recoñecer a poesía polo simples feito de estar escrito en verso. Mais isto non sempre é así, o verso pode aparecer nas adiviñas, nos trabalinguas, na dramática... e, ás veces, a lírica emprega a liña continua, ás veces a lírica escíbese en prosa. O presente poema é non versificado, con todo si que ten unha disposición gráfica característica conformada por liñas desiguais, espazos en branco... Neste poema as liñas desiguais, os espazos en branco e mesmo as maiúsculas e algúns trazos son marcas externas de poeticidade que procuran orientar o proceso de lectura.

19-Mira para o seguinte texto sen ler e marca cun rotulador fluorescente todos os espazos que quedan en branco. Agora cun rotulador vermello arrodea os puntos e as maiúsculas.

NO ar o dedo traza un delgado fio que se orienta desde a pluma cara a un destino de silencio vertebrado

Onde posibelmente as palabras nunca volverán á orixe senón ao río de escuma, serpe baixo a xanela do desexo.

Ali estaremos porque vivemos na casa habitada polas sombras, sombras que fomos equivocando ao longo dos camiños,

ali onde esperan por nós as múltiples formas, para terminar de asombrar-se e asombrar-nos

e sermos ideas e os seus arrependimentos infernais meta-morfoseados na neve, derretendo-nos en cantos ao futuro.

Ao final de cada século esgotamos só un instante. Outra vez será, diremos.

20-Feito isto interpreta coas túas palabras o que vai dicindo o poema.

-
-
-
-

En concreto. Editorial Espiral Maior (2004)

O gran tema do poemario *En concreto* é a cidade, pero non unha cidade calquera, senón, en concreto, A Cidade Alta: A Coruña natal da autora.

OBELISCO

A
túa
estatura
estaba inscrita no proxecto
da cidade compacta
Os edificios medran cada día
Faltan por agromar aínda
os máis altos de todos
Por cima
sen medida visíbel
as antenas atentas
prolongan o vacío
até algúns centros
afastados dispersos
polas rúas de algúns
outros continentes
Por aquí pasan decote
os viandantes pontuais
mostrando a orgullosa hora
de cadanseu obelisco interior

O presente poema ten un título que adianta información sobre o poema que da páxina seguinte. Que relación ten o título coa disposición externa do poema?

-
-
-

21-Procura información na wikipedia en galego sobre os dous obeliscos da cidade da Coruña. A que obelisco fai referencia este poema?

-

[Obelisco dos Cantóns - Wikipedia, a enciclopedia libre](#)

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Millenum>

-
-
-

22-Baixo a foto da páxina “Obelisco dos Cantóns” aparece unha postal antiga cunha nota a pé de foto. Con que versos do poema está relacionada esta nota a pé de foto?

-
-
-
-

23-Repara nos últimos versos do poema, espértanche algunha reflexión?

-
-
-
-

ANTIQUÍSIMA

ESA son eu
rubindo unha e outra vez as escadas
dun mundo posíbel
separado sempre pola idade, a teima
e a vontade íntima de voar
No alto da miña casa alta
e por cima un país nas nubes
lidando co sol difícil do Norte
que sempre se rende ás gadoupas do mar
e esquece ficar para quecerme

24-Neste poema o eu poético semella fusionarse completamente coa súa cidade. Tras ler o poema, reflexiona, escolle uns versos e xustifica a quen quece (ou non quece) o sol.

-
-
-

Poetas contemporáneas de Luísa Villalta

1.-Luz Pozo Garza

Nas Cíes descubrimos a pericia das aves
e a medida celeste onde reside a luz

Bañámonos nas ondas
a compartir sulagos con dóciles palmípedas
e cunchiñas de nácara

Era o verán
Chegaban ventos fríos do primeiro cuadrante
os ventos tersos do Nordés

Con labios exaltados bicábasme nas tempas
E querías que fora a raíña dos mares
ou deslizabas verbas secretas nos oídos

Nos xogos inocentes
debuxei no teu peito os signos da alegría
Despois grabei na area os símbolos da patria:
 espirais
 caracolas
 esvásticas solares

Cousas do paraíso...

Naquelas latitudes oceánicas azul
 azul delirio
tracéi como remate un labirinto tácito
para salvar o amor

25-O terceiro verso é unha clara referencia á poesía galego-portuguesa medieval, concreta máis a que fai referencia.

-

-

26-Ten que ver algo a temática do poema coa temática da poesía medieval á que fai referencia?Explica as coincidencias

-
-
-
-

27-De que fala o poema?

-
-
-

28.-Debuxa sobre este papel os símbolos que se gravaron sobre a area.

2.-Pilar Pallarés

Ameite tanto esta tarde,
cando non estabas,
e estaba o ceu como un atlas de ausencia,
esbarando nas horas!

Que estraño é todo isto, este amor que se agolpa
e verte a súa furia por encima de unha
sen piedade!

Non sei por que estes días en que te amo tanto
e tan fondo e tan duro e tan tristeiro,
días en que quixera aniquilarte
de tanto amor como me tinxe o corpo
e me lastima os dentes.

Esta tarde ameite como invasión de escumas
en sartegos tenrísimos.

Non sei que estrañas aves aniñaron en min
para que así te ame,
Non sei que tortas rutas ou mans confabuladas
me trouxeron a ti,
non sei por que camiños navegou o meu sangue
para chegar a ti.

Non sei se faro ou torre ou terra prometida
foron marcando o norte dos meus sucos

Só sei que aquí me tés, a ti ofrecida,
sen culpa deste amor que caeu sobre min
non sei se como pedra ou lóstrego ou fervenza

Esta tarde ameite como nunca,
pero ti non estabas

29. Vouche dar dúas posibles vertentes temáticas: amor / ausencia

Segundo como ti o ves, xustifica se este é un poema de amor ou de ausencia copiando as palabras ou expresións nas que aparecen estas ideas.

-
-
-
-
-

30. En que persoa está o poema? Que pode ser a persoa que pronuncie estas palabras? A quen se dirixe?

-
-

31. Copia un par de expresións que expresen os seus sentimentos

-
-
-

32. - Cales son para ti os versos máis fermosos do poema? Cópioos e explica o motivo polo que os escolliches:

-
-
-
-
-

Motivo:

FELIZ IDADE

“Agora
eu mírote extasiada mentres
dormes
e disólvome no costro fulgurante
coma unha estrela que lle dera de
mamar fósforo ao ceo.
e falo na linguaxe que non serve
na linguaxe da sílaba primeira:
deséxoche que sexas amada
tolamente
e que ningún poder poida
amainar nunca
a túa
Feliz
Furia”

1. Busca no dicionario as palabras dubidasas ou descoñecidas.

-
-

2. En que persoa está o poema? Quen cres que é a voz poética? A quen se dirixe?

-
-
-

3. Escribe as palabras ou versos que xustifiquen a túa resposta anterior.

-
-
-

4. Que dous desexos expresa?

-
-

5. Explica unha situación en que a furia poida ser feliz.

-
-

4.-M.^a do Carmo Kruckenberg

Lévo intentando, lévo intentando,
penso, que dende os anos máis doces
que me deu a vida;
ter amor, só iso, ter amor,
aínda que sexa unha utopía
que semelle unha paixón desmedida,
que o meu corpo tremelique por unha ollada
case ferida;
apertarme á dozura que vai fuxindo
día por día.
Non bastan as palabras que te deixan
fermosamente dolorida,
é preciso o intercambio de saliva
onde se estrelan os zumes que ruben
ata o delirio da fantasía.
Lévo intentando, inténtoo
ata arrincar as derradeiras miserias
dunha alma á deriva.

36. “Non bastan as palabras que te deixan / fermosamente dolorida” que pensas que quere dicir a autora con esta antítese?

-

-

37. Escolle o verso que máis che guste, o que para ti sexa máis significativo e intenta explicar o motivo.

6. -Marta Dacosta

Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo-

En memoria de Aurelio Dacosta Alonso, Xesús Alonso Covelo e Alfredo López Soto.

Avós

Con eles esvaeuse
o mapa que a memoria
precisa na procura
da dignidade oculta,
nas décadas escuras.
Os meus avós calaron.
Cada día calaron
esa historia ocultada
en que foron vencidos.
Unha historia de morte,
historia de presidio,
de sangue e de fuxidas
ao monte clandestino.
Na nosa estirpe están
eses días de espanto,
todo o que non dixeron,
 agochados no monte,
 medrosos na gamela
 que non salvou a illa,
 que só levou palabras
 atravesando a ría
 no segredo máis longo
 que nunca se revela.

O medo fechou bocas,
os fillos non souberon,
nós non imaxinamos
canta dor frecuentou
os días que estiveron.
Agora interpretamos
aqueles días escuros,
comprendemos, agora,
tanto silencio e actos,
e xa non calaremos.

Na rede halaremos
imaxes do pasado,
cada unha das pezas
deste crebacabezas
que cómpre construír,
para recoñecernos.
Hoxe falamos nós
para que a súa memoria
brille sobre o silencio,
para deixar escrito
que o seu era o camiño,
a palabra máis certa
que trae a luz do día,

tesouro de futuro.

Marta Dacosta.
Agosto de 2006.

38. Explica o título do poema

-
-
-
-

39. Que lles ocorreu aos avós?

-
-
-
-
-

40 Dá atúa interpretación destas palabras da autora:

“comprendemos, agora/ tanto silencio e actos,/ e xa non calaremos”

-
-
-
-
-

POEMA DA CIDADE ALTA

Se tes a sorte de coñecer a cidade da Coruña, pensa nela, e recréate na lectura do POEMA DA CIDADE ALTA (ten en conta que ocupa dúas páxinas). Pensa nos sitios dos que fala, pensa tamén na entoación que deberías empregar nunha correcta lectura en voz alta.

Fai un [vídeo](#) para enviar lendo o POEMA DA CIDADE ALTA.

POEMA DA CIDADE ALTA

O meu nome é o da Cidade Alta
nacido onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín enfrente de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos

Veño de aquí
unha historia de palabras
nas casas da cabeza e nos chanzos do corazón
palabras que son xente a murmurar de lonxe
desde Santa Lucía
épicas antigas de bailes no Gurugú
insultos pelexas e disparos
e percorren no meu sangue o Camiño Novo
para coller un barco que se marcha
como se xa nunca tivesen existido
e sen embargo dou fe, que son verdade
e van a Santa Margarida de merenda
onde unha vez alguén de noso se enforcara
alguén de quen só coñezo aquela rama
partida pola ausencia
non podendo tolerar o día e o cambiante
do vento, sempre, outra vez o vento
a picar na pel fría do verán canicular
o mozo vento grande que trai cartas de América
e tamén o pequeno que rachea os baleiros do tempo

Érgome dragón todos os meus corpos posíbeis e brutais
para gardar a esencia
esa que me deixaron construtores campesiños
un a un e cada un polo seu lado
sen que o ruído se puxese de acordo debaixo das formigoneiras
nen o silencio dos ríos subterráneos se fixese posíbel
Arrímome a elas, lavadeiras de Monelos
na luz agora das altas aulas do milenio
para deixalas preñadas dunha pequena memoria como o mar

E ao saír deixo comigo a porta aberta
escadas arriba Porta de Ares escadas abaixo Porta Real
e levo a chave enferruxada do salgado das ondas
onde fluctua no horizonte o meu país reflectido
a prostituta sagrada
que desabrocha o corsé das gargalladas de ouro
e finxe que sabe finxir
mentres os taxis na noite se cruzan contraseñas
as rúas se volven anónimas entre os escaparates
e as xentes xogamos coas últimas moedas
de sexo lixeiro e cansado entre os dedos

Forza, para que? se viver é tan doce
Como a area do Orzán e deixar ir o sol polo monte San Pedro
Pero remar nas pegadas dos outros, uliscarnos no avance dos povos
Repartir o dosel das tormentas gritándonos os nosos nomes de
abaixo?
Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este punto no mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza, e Antemural do reino renacido

Luísa Villalta.